

# I Xornada Universitaria Galega en Xénero



Roles de xénero en tempos de crise

I Xornada Universitaria Galega en Xénero



**Roles de xénero en tempos de crise**

I Xornada Universitaria Galega en Xénero



**Roles de xénero en tempos de crise**

Edición a cargo de  
Eva Aguayo Lorenzo, Ana Jesús López Díaz, Anabel González Penín

2013

Universidade de Santiago de Compostela  
Universidade da Coruña  
Universidade de Vigo

Xornada Universitaria Galega en Xénero (1ª. 2013. Santiago de Compostela)

Roles de xénero en tempos de crise [Recurso electrónico] / I Xornada Universitaria Galega en Xénero, XUGeX; edición a cargo de Eva Aguayo Lorenzo, Ana Jesús López Díaz, Anabel González Penín. — Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2013

1 disco compacto (CD-ROM) ; 12 cm

D.L. C 2074-2013. — ISBN: 978-84-15876-62-5

1. Igualdade de xénero — Congresos 2. Mulleres — Traballo — Congresos 3. Discriminación sexual no emprego — Congresos 4. Mulleres — Condicións sociais — Congresos I. Aguayo Lorenzo, Eva, ed. lit. II. López Díaz, Ana Jesús, ed. lit. III. González Penín, Anabel, ed. lit. IV. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, ed.

342.7-055.2:061.3(461.11 Santiago de Compostela)

32:396:061.3(461.11 Santiago de Compostela)

396:32:061.3(461.11 Santiago de Compostela)

© Universidade de Santiago de Compostela, 2013

© Universidade da Coruña, 2013

© Universidade de Vigo, 2013

### **Promove**

Oficina de Igualdade de Xénero da Universidade de Santiago de Compostela

Oficina para a Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña

Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo

### **Edición técnica**

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico

Universidade de Santiago de Compostela

### **Deseño e maquetación**

*Mabel Aguayo, CB*

**DL:** C 2074-2013

**ISBN** 978-84-15876-62-5






## Presentación

A I Xornada Universitaria Galega en Xénero, que tivo lugar os días 20 e 21 de xuño de 2013 en Santiago de Compostela baixo o lema «Roles de xénero en tempos de crise», xorde como unha iniciativa con vocación de continuidade das oficinas/unidades de igualdade das tres universidades. O obxectivo é achegármonos aos temas de xénero cunha visión multidisciplinar, así como crearmos un punto de encontro e intercambio de ideas do persoal docente e investigador do sistema universitario galego interesado por este enfoque.

Nun momento de crise económica, financeira, social e cultural como o actual, a Xornada centrouse nas repercusións que esta crise ten sobre os roles de xénero. Así, nela tratamos as seguintes tres áreas temáticas: *políticas públicas de igualdade*, coordinada pola Oficina de Igualdade de Xénero da USC; *mulleres e mercado laboral*, coordinada pola Oficina para a Igualdade de Xénero da UDC; e *corresponsabilidade e conciliación*, coordinada pola Unidade de Igualdade da Uvigo. A publicación que agora presentamos recolle os resultados da Xornada en forma de conferencias, relatorios das mesas redondas e comunicacións presentadas.

Queremos expresar o noso agradecemento pola boa acollida desta iniciativa, con cerca de 100 participantes e 34 comunicacións aceptadas, e igualmente pola colaboración do Comité Científico avaliador e a subvención da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, que fixo posible a posta en marcha deste proxecto.

O Comité Organizador



# I Xornada Universitaria Galega en Xénero

## 1

### Políticas públicas de igualdade ..... 13

*Coordinada pola Oficina de Igualdade de Xénero da Universidade de Santiago de Compostela USC*

#### Conferencia convidada:

- *Logros y retos en las políticas de igualdad: el mainstreaming en Euskadi*  
Arantxa Elizondo Lopetegui, María Silvestre Cabrera y Ainhoa Novo Arbona. . . . 15

#### Mesa redonda:

- *Sobre a necesidade dunha ciencia con perspectiva de xénero: androcen-trismo, patriarcado e estereotipos nos estudos de xénero*  
Ana Sánchez Bello . . . . . 25
- *As políticas de igualdade de xénero en tempos de crise. O caso galego*  
Isabel Diz Otero e Marta Lois González . . . . . 31

#### Comunicacións:

- *A discriminación de xénero nos instrumentos constitucionais de protección de dereitos. Especial referencia á defensa da muller con discapacidade*  
Miguel Vieito Villar . . . . . 43
- *Mediación en violencia de género: ¿complemento al actual modelo procesal penal?*  
Cristina Torrado Tarrío e Cristina Alonso Salgado . . . . . 49
- *O nesgo de xénero na formación musical superior. Formulacións existentes e novas perspectivas*  
M<sup>a</sup> Eugenia Bolaño Amigo . . . . . 55
- *Retrocesos en materia de políticas de igualdade en España: organismos, instrumentos e axenda política*  
Alba Alonso Álvarez . . . . . 61
- *A representación descriptiva das mulleres e as políticas de xénero*  
Natalia Paleo Mosquera . . . . . 69

- *A comunicación igualitaria nos plans de igualdade das universidades públicas españolas*  
M<sup>a</sup> José Méndez Lois, Felicidad Barreiro Fernández, Elisa Teresa Zamora Rodríguez e M<sup>a</sup> del Rosario Castro González. . . . . 77
- *Gasto público, dependencia e igualdade. Reflexiones desde la perspectiva de género*  
Nélida Lamelas Castellanos. . . . . 85
- *Problemas da aplicación das políticas de igualdade no sector pesqueiro: representatividade nas confrarías de pescadores e pescadoras de Galicia*  
María Bastida Domínguez, Maite Cancelo Márquez, Purificación Alfonso Riveiro, Ana Isabel Pérez López e Teresa Rivas Grande. . . . . 93
- *Xestión da calidade en clave de xénero. Boas prácticas en deporte universitario.*  
Marta Bobo Arce e Cristina López Villar . . . . . 101

## 2

### **Mulleres e mercado laboral**..... 107

*Coordinada pola Oficina para a Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña*

#### **Conferencia convidada:**

- *Austeridad e intensificación del trabajo de las mujeres durante la Gran recesión*  
Lina Gálvez Muñoz . . . . . 109

#### **Mesa redonda:**

- *Muller excarcerada e emprendemento*  
Isabel Novo Corti . . . . . 121
- *Mujeres, formación y mercado de trabajo*  
Ana María Porto Castro . . . . . 133
- *La segregación ocupacional por razón de género y sus efectos sobre el bienestar de las mujeres*  
Coral del Río Otero . . . . . 145
- *Guía Woman Emprende para la elaboración del plan de empresa neutro en términos de género y pensado para spin-off*  
Eva López Barrio . . . . . 157

**Comunicacións:**

- *Las mujeres víctimas de violencia de género y la problemática para acceder al mercado laboral*  
Almudena Valiño Ces . . . . . 171
- *Unha siphnose das dificultades e achegas das mulleres no mundo formativo e laboral ó longo da historia*  
Rocío Chao Fernández, María Dorinda Mato Vázquez, Roberto Suárez Brandariz e José María Mesías Lema . . . . . 179
- *A muller emprendedora nos viveiros galegos*  
Francisco Jesús Ferreiro Seoane e Marta Camino Santos . . . . . 187
- *Análise das metas laborais desde a perspectiva de xénero. Vinculación co neosexismo*  
Yolanda Rodríguez Castro, María Lameiras Fernández, María Victoria Carrera Fernández, Patricia Alonso Ruido e Emilio Paz Porto . . . . . 193
- *Análisis de las medidas para mejorar la incorporación y permanencia de la mujer en el mercado laboral: situación actual y perspectivas futuras*  
Alberto Vaquero García . . . . . 199
- *La inserción laboral de las ingenieras navales. ¿Realidad o ficción?*  
Almudena Filgueira Vizoso, Isabel Neira Gómez, Marta Portela Maseda y Eugenio Muñoz Camacho . . . . . 207
- *La trayectoria profesional de las mujeres gallegas en la marina mercante: una carrera de obstáculos*  
Rosa de la Campa Portela, M<sup>a</sup> de los Ángeles Bouza Prego, Julio Louro Rodríguez y María Matilde García Sánchez . . . . . 213
- *Arquitectas mozas galegas: Relatos da súas estratexias de supervivencia na crise*  
María Novas Ferradás e Natalia Rivas Quarneti . . . . . 221
- *Unha valoración en perspectiva de xénero do traballo de coidados e da contribución ao benestar por parte das persoas lonxevas*  
Xosé Cordero Torrón, Fausto Dopico Gutiérrez del Arroyo, María del Pilar Freire Esparís, Eduardo Pis Sánchez e M<sup>a</sup> Xosé Rodríguez Galdo . . . . . 229
- *Muller e lei de dependencia: nichos de emprego?*  
Diana Fernández Méndez . . . . . 237



- *As mulleres nas cooperativas de traballo asociado en Galicia. 2008-2012*  
Fernando Corbelle Cacabelos, Raquel Doallo Álvarez e María Dolores Santos Rey . . . . . 245
- *Perspectiva de xénero nos centros tecnolóxicos galegos*  
M<sup>a</sup> Isabel Diéguez Castrillón e Xulia Guntín Araujo . . . . . 255
- *Panorama del empleo y los salarios en España y en Europa desde una perspectiva de género, 2000-2012*  
María Carmen Guisán Seijas y Pilar Expósito Díaz . . . . . 263
- *La tutoría universitaria con perspectiva de género. Claves para la construcción de la identidad profesional de las universitarias*  
Margarita Valcarce Fernández . . . . . 271
- *Mujer y trabajo hoy*  
M<sup>a</sup> Asunción López Arranz e M<sup>a</sup> del Pilar Millor Arias . . . . . 279
- *Liderazgo y género en la formación profesional* M<sup>a</sup> Josefa Mosteiro García, M<sup>a</sup> Dolores Castro País e M<sup>a</sup> Sandra Rodríguez Burgos . . . . . 285

### 3

## Corresponsabilidade e conciliación..... 293

*Coordinada pola Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo*

### Conferencia convidada:

- *Conceptions of Equality: Two Paradigms for Reconciling Paid Work and Family Responsibilities*  
Collen Sheppard . . . . . 295

### Mesa redonda:

- *Conciliación da vida persoal, familiar e laboral e política de emprego*  
Francisca Fernández Prol . . . . . 311
- *Conciliación e corresponsabilidade*  
Yolanda Maneiro Vázquez . . . . . 323
- *La experiencia de las mujeres inmigrantes en el sector doméstico de asistencia*  
Raquel Martínez Buján . . . . . 333

**Comunicacións:**

- *Adolescencia, tempo non escolar e roles de xénero*  
Juan José Lorenzo Castiñeiras e Tania Merelas Iglesias. . . . . 341
- *Impacto de la percepción de la cultura amigable con la conciliación en las actitudes y comportamientos del personal: un análisis en el ámbito universitario*  
M<sup>a</sup> Dolores Álvarez Pérez, Adolfo Carballo Penela, Laura García García y Pilar Rivera Torres . . . . . 349
- *Corresponsabilidad, trabajo doméstico y usos del tiempo*  
Adela Reig Botella y María Asunción López Arranz . . . . . 357
- *La doble presencia como riesgo psicosocial en las docentes universitarias*  
María Matilde García Sánchez, M<sup>a</sup> Ángeles Bouza Prego, Rosa Mary de la Campa Portela y Jesús Luis Saleta Canosa . . . . . 363
- *A conciliación no colectivo do persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela. Un estudo a partir da metodoloxía de empregos do tempo*  
Xosé Cordero Torrón, Fausto Dopico Gutiérrez del Arroyo, M<sup>a</sup> Pilar Freire Esparís, Elisa Jato Seijas, M<sup>a</sup> José Méndez Lois, Eduardo Pis Sánchez e M<sup>a</sup> Xosé Rodríguez Galdo. . . . . 371
- *Tiempo que dedican madres y padres a las tareas domésticas*  
Yolanda Rodríguez Castro, María Lameiras Fernández, M<sup>a</sup> Victoria Carrera Fernández, Patricia Alonso Ruido y Emilio Paz Porto . . . . . 379

■ **Comité organizador** ..... 387

**Comité científico** ..... 387

## A muller emprendedora nos viveiros galegos

Francisco Jesús Ferreiro Seoane e Marta Camino Santos

*Universidade da Coruña e Santiago de Compostela*

*(f.ferreiro1@udc.es, franciscojesus.ferreiro@usc.es, martacamino@equipoquorum.com)*

Resumo – As últimas décadas supuxeron un grande avance para a muller en canto a cambios laborais e sociais, cuxos exemplos máis característicos os encontramos na masiva incorporación das mulleres ao mercado de traballo e a conseguinte feminización do colectivo asalariado. Neste momento de crise económica no que nos encontramos, as devanditas políticas de igualdade retardáronse dun xeito espectacular, ademais de producirse un forte aumento do desemprego especialmente entre o sector feminino. Os viveiros de empresa son unha potente ferramenta para o desenvolvemento económico e social, que fomenta o emprendemento, especialmente naqueles colectivos con menores oportunidades laborais, como é o caso das mulleres. O obxectivo da comunicación será analizar o papel da muller como emprendedora nos viveiros de empresas en Galicia. Para iso, estudaranse os cambios na situación laboral da muller nos últimos anos, así como a porcentaxe de emprendemento feminino nos viveiros de empresas galegos. Ao final desta, expoñeranse os resultados e as conclusións derivadas do estudo.

### 1. – Introducción

As últimas décadas supuxeron un grande avance para a muller en canto a cambios laborais e sociais, cuxos exemplos máis característicos os encontramos na masiva incorporación das mulleres ao mercado de traballo e á súa evolución dentro do colectivo asalariado. Neste momento de crise económica no que nos atopamos, as devanditas políticas de igualdade retardáronse dun xeito espectacular, ademais de producirse un forte aumento do desemprego especialmente entre o sector feminino.

Os viveiros de empresa son unha potente ferramenta para o desenvolvemento económico e social, que fomenta o emprendemento, especialmente naqueles colectivos con menores oportunidades laborais.

O obxectivo da comunicación será analizar o papel da muller como emprendedora nos viveiros de empresas en Galicia. Para iso, estudaranse os cambios na situación laboral da muller nos últimos anos, así como a porcentaxe de emprendemento feminino nos viveiros de empresas galegos. Ao final desta, expoñeranse os resultados e as conclusións derivadas do estudo.

## 2. – Muller e emprendemento

Segundo o informe GEM Galicia (2011), “respecto ao perfil da muller emprendedora, incorpóranse mulleres máis novas, diminúe o número das residentes en contornos urbanos, encóntranse na maior parte dos casos en situación de emprego activo e teñen dedicación exclusiva ao seu negocio; a maior parte das emprendedoras crean as súas empresas de forma individual traballando como autónomas no sector de servizos de consumo e mellorando as súas expectativas de xeración de emprego”. Os autores Audretsch e Thurik (2004) analizaron o dobre efecto que produce a crise: por unha banda, a falta de expectativas reduce o número de empresas, e pola outra o desemprego e a dificultade para atopar traballo fai que moitas persoas emprendan. Ese concepto queda reflectido nos informes do GEM ao distinguir entre persoas emprendedoras por “oportunidade” e por “necesidade”. Segundo o informe “Mujer y desafío emprendedor en España”, no noso país, a creación de empresas por oportunidade é cinco veces e media superior á motivada por necesidade no caso dos homes, e practicamente catro veces e media no caso das mulleres. A contribución da muller ao emprendemento foi en moderado ascenso dende o comezo da crise no ano 2008. A taxa de paro superou en 2012 o 25% (26,55% nas mulleres e 25,58% nos homes). O número de persoas desempregadas en Galicia aumentou no período 2009-2012 en 109.000 persoas sendo o incremento maior nos homes que nas mulleres. Comparando os datos coa media española, se comproba que o incremento do paro nas mulleres galegas foi proporcionalmente superior en Galicia que no resto do país en promedio.

A Táboa 1 representa para o período 2009-2012, o número de persoas traballadoras por conta propia en Galicia. Compróbase como o volume persoas empregadas diminúe durante o período sinalado en 15.030, recollendo a maior parte da diminución a poboación masculina con 8.610 traballadores menos. No caso das mulleres a caída sitúase en torno a 6.420 traballadoras. Sen embargo, a porcentaxe de varóns por conta propia respecto ao total de traballadores experimenta un lixeiro aumento, dende o 20,15% en 2009 ata o 20,9% en 2012, mentres que a porcentaxe de mulleres practicamente mantense. A suma de ambos aumenta, o que ven a explicar o indicado por Audretsch e Thurik (2004) que en época de crise aumenta o número de persoas autónomas respecto ao total de traballadores.

	Total		Homes		Mulleres	
	Número	%	Número	%	Número	%
2009	229.470	20,15%	132.593	21,08%	96.877	18,82%
2010	220.433	20,17%	127.375	21,48%	93.058	18,61%
2011	217.396	20,26%	125.744	21,9%	91.652	18,37%
2012	214.440	20,9%	123.983	22,88%	90.457	18,69%

Táboa 1: Persoas traballadoras por conta propia (2009-2012)

Fonte: Elaboración propia a partir da Federación Nacional de Asociacións de Traballadores Autónomos-ATA- Marzo 2013

Segundo unha análise da Federación de Organizadores de Profesionais, Autónomos e Emprendedores realizado entre os seus socios, a taxa de mulleres autónomas en España non deixou de medrar nos últimos meses, chegando a representar algo máis dun terzo do colectivo xeral de persoas autónomas. A pesares destes datos, segundo Ferreiro e Vaquero (2010), son maioría os varóns que se deciden a emprender nos viveiros de empresas galegas, que alcanzan o 74,2% do total de persoas emprendedoras; considerando toda actividade emprendedora de Galicia estamos en taxas do 63,6% de persoas emprendedoras de xénero masculino.

### 3. – A presenza feminina nos viveiros de empresas de Galicia

“Cando se estuda a situación da muller no mundo laboral, xorden unha serie de cuestións nas que aparecen importantes diferenzas con respecto á poboación masculina” (Toribio, 2001). Comprobouse que o home emprende máis que a muller como o mostran os datos expostos por Ferreiro e Vaquero (2010), sendo unha diferenza moi notable (Gráfico 1). En cambio, é curioso verificar cómo, referíndonos ás persoas contratadas polas empresas situadas nos viveiros, as diferenzas vense reducidas, sendo o 51,8% varóns e o 48,2% mulleres contratadas. En tódalas estatísticas analizadas comparando o nivel de emprendemento masculino fronte ao feminino, sempre sae que elas emprenden menos, ben sexa estatística analizada en viveiros en xeral, a nivel nacional, en Galicia ou en outras dimensións.




Gráfico 1: % emprendemento por xénero nos viveiros galegos

Fonte: Ferreiro e Vaquero (2010)

Segundo Ferreiro e Vaquero (2010), a muller que emprende nos viveiros de empresas en Galicia está máis formada que o home como así o reflicten os datos publicados no seu estudo. Estes afirman que o 73,8% das mulleres dos viveiros galegos posúen estudos universitarios superiores fronte ao 64,2% dos homes; en canto aos estudos universitarios

medios, un 9,1% os posúe fronte ao 18% dos homes, e se nos fixamos nos estudos secundarios temos o 17,1% das mulleres e o 15,1% dos homes. Da investigación despréndese que, en xeral, as mulleres que se deciden a emprender o fan baseadas nun nivel educativo alto, non habendo mulleres nos viveiros de empresas de Galicia que emprendan sen posuír algún tipo de estudo ben sexa superior, medio ou secundario. Analizando datos do 2012 nos viveiros galegos, confírmase o publicado en anos anteriores: a muller emprendedora está máis formada que o home (Gráfico 2):

Analizando entre viveiros tecnolóxicos e xeralistas, observamos que o 93% das mulleres emprendedoras dos viveiros tecnolóxicos posúe estudos universitarios fronte ao 80% dos homes. En canto aos viveiros xeralistas, nos atopamos con porcentaxes menores, sendo o 56,8% de mulleres con estudos universitarios fronte ao 47,1% dos homes (Gráfico 2).




Gráfico 2: Emprendedoras segundo tipo de viveiro

Fonte: Elaboración propia a través de enquisas directas

Respecto á media de idade de homes e mulleres á hora de emprender, nos atopamos no estudo de Ferreiro e Vaquero (2010) que a media sitúase nos 35,9 anos para os homes a 33,4 anos nas mulleres. Polo que se pode afirmar que as persoas emprendedoras dos viveiros de empresas galegos decídense a emprender unha vez colleron algo de experiencia laboral noutras empresas. O informe “Mujer y empresa” elaborado pola Organización de mulleres empresarias e xerencia activa e a Fundación Banesto (2010) destaca que “o perfil das mulleres emprendedoras en España sitúase entre os 36 e os 45 anos, con estudos universitarios e en empresas dedicadas ao sector servizos (83%)”.

Outra diferenza Ferreiro e Vaquero (2010) atópase nos seus niveis de facturación e beneficios, sendo claramente superiores para eles que para elas. Así, as mulleres emprendedoras dos viveiros de empresas facturaron de media 93.402 € por iniciativa emprendedora fronte aos 233.530 € por ano das iniciativas lideradas por varóns. Esta diferenza ven

explicada porque estes emprenden máis en proxectos tecnolóxicos, mentres que elas ac-túan máis no campo da educación. Isto tradúcese a nivel de beneficios, xa que os homes teñen unha media de rendibilidade de 11.711 euros fronte ás iniciativas empresariais das mulleres que lles deixan uns beneficios de 5.409 €, menos da metade que aos homes.




Gráfico 3: Facturación e beneficio das emprendedoras

Fonte: Elaboración propia a partir de enquisas directas

A pesares de que a muller emprendedora obtén unha menor rendibilidade, si que se mostra moi satisfeita en canto á utilidade do viveiro. Segundo Ferreiro e Vaquero (2010), o 98,2% das mulleres se atopa moi satisfeita coa súa estancia no viveiro de empresas, porcentaxe similar ao dos homes. Existen maiores diferenzas, en cambio, entre homes e mulleres en relación á pregunta sobre si desenvolverían actividade emprendedora se non estiveran no viveiro, xa que o 21% das mulleres responden afirmativamente a esa pregunta, practicamente mesma proporción que os homes e só o 3,7% das mulleres manifiestan que non levarían a cabo a súa idea empresarial se non fora polo viveiro, fronte ao 7,7% dos varóns (Gráfico 4).




Gráfico 4: ¿Desenvolvería a idea se non estivese no viveiro?

Fonte: Elaboración propia a partir de enquisas directas



## 4. – Conclusións


Como xa mencionamos, as últimas décadas foron decisivas en canto ao avance da muller no ámbito laboral e socioeconómico, pero non podemos falar aínda dunha situación de igualdade, que si se recoñece dende o punto de vista xurídico, pero a realidade segue demostrando que aínda hai elementos discriminatorios que lle impiden á muller, no mundo do traballo, desenvolver a súa actividade nas mesmas condicións que o home. Podemos sinalar tamén que a crise económica provocou un aumento do emprego por conta propia, tanto en España como en Galicia máis acentuado nos homes. Diversos informes sinalan que a muller emprende menos que o home a calquera escala xeográfica (mundial, España, Galicia) e tamén a nivel de viveiros de empresas galegos, pero esta non é a única diferenza entre ambos colectivos, tamén observouse que a muller emprendedora está máis formada que o home, polo tanto pódese afirmar que a muller emprende menos, pero a que o fai ten maior nivel de estudos que o home.

Outra diferenza salientable de xéneros atópase no nivel de facturación e beneficios das empresas formadas por eles e elas, sendo para eles de 2,5 veces máis que para os homes que para as mulleres, cun nivel de rendibilidade maior nos varóns.

Máis aló desas diferenzas analizadas, diversos estudos sinalan as razóns polas que as mulleres emprenden menos, sendo as principais as seguintes: outras alternativas laborais máis satisfactorias, maior aversión ao fracaso, busca máis a estabilidade, a conciliación familiar, seguridade laboral.

## Referencias

- [1] GLOBAL ENTREPRENEURSHIP MONITOR (GEM) (2011): Informe Ejecutivo GEM Galicia, disponible en: [http://www.gemgalicia.org/files/2012/GEM\\_2011.pdf](http://www.gemgalicia.org/files/2012/GEM_2011.pdf)
- [2] AUDRETSCH, D. y THURIK, A. (2004): "A model of the Entrepreneurial Economy". *International Journal of Entrepreneurship Education*, vol. 2, nº 2, pp. 143-166. Senate Hall Academic Publishing.
- [3] RUIZ, J.; CAMELO, C. Y CODURAS, A. (2012): "Mujer y Desafío Emprendedor en España. Características y Determinantes". *Revista de Economía Industrial*, nº 383, pp 13-22.
- [4] FERREIRO, F. y VAQUERO, A. (2010): *El papel de los viveros de empresa en Galicia como agentes de promoción económica y generación de empleo*. Edita Xunta de Galicia. Consellería de Traballo e Benestar. Santiago de Compostela.
- [5] TORIBIO, M. R. (2001): "La actividad empresarial femenina: ¿una vía de superación de las trabas en el mercado laboral?" *Boletín Económico de ICE* nº 2690.
- [6] ORGANIZACIÓN DE MUJERES EMPRESARIAS Y GERENCIA ACTIVA (2010): "Estudio sobre la actividad empresarial femenina en España". Fundación Banesto. Disponible en: [http://igualdade.xunta.es/sites/default/files/files/documentos/ES\\_%20Impacto.pdf](http://igualdade.xunta.es/sites/default/files/files/documentos/ES_%20Impacto.pdf)



Organizan



Oficina para a Igualdade de Xénero  
Vicerreitoría do Campus de Ferrol  
e Responsabilidade Social  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Unidade de Igualdade  
Universidade de Vigo

Coa colaboración de



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA  
DE GALICIA